

Data Rexistro: 19/03/2025 10:40:40
Nº Rexistro: 2025000321

SAIDA

CCR/Ra

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 28 de febreiro de 2025, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada Ana Laura Iglesias González:

22.8367.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- Ten a palabra dona Ana Laura Iglesias.

Sra. Iglesias González.- Si, Presidente. A nosa primeira pregunta é ¿cando pensa o Presidente da Deputación e os Deputados e Deputadas do goberno depoñer a súa actitude antidemocrática de non avisar aos alcaldes e ás alcaidesas que non son do Partido Popular cando fan visitas aos seus concellos, tal e como volveu a poñer de manifesto o alcalde de Rodeiro?

Sr. Presidente.- ¿Algunha pregunta máis?

Sra. Iglesias González.- Si. E a segunda pregunta é si pode o Sr. Presidente explicar que ocorreu nunha oposición desta Deputación o pasado luns despois de que se procedese a anular de oficio nove preguntas dun total de 40, como veñen de denunciar os sindicatos.

Si, e a terceira, dado que non me contestou no anterior punto, pois preguntarlle si nos pode informar de cal foron a cuestión pola cal o Presidente pois resolveu este informe de reparo interposto pola Intervención provincial sen solventar as discrepancias co Interventor. Gracias.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas. ¿Algunha pregunta por parte ...?, non, bueno, non habendo máis asuntos que tratar, damos por finalizado este Pleno. Moi bo día a todos.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Dona Ana Laura Iglesias González.- Presidencia.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Roberto Crespo Barreiro (Secretario da Sección Sindical de CCOO).- Central.-



Pregunta efectuada pola voceira do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 28 de febreiro de 2025:

PREGUNTA:

1

¿Cando pensa o Presidente da Deputación e os Deputados e as Deputadas do goberno depoñer a súa actitude antidemocrática de non avisar aos alcaldes e ás alcaidesas que non son do Partido Popular cando fan visitas aos seus concellos, tal e como volveu a poñer de manifesto o alcalde de Rodeiro?

RESPOSTA:

A Deputación de Pontevedra, co seu presidente á cabeza, leva pasado páxina da etapa de sectarismo do anterior goberno provincial e demostrado unha liña de colaboración constante cos alcaldes e alcaidesas da provincia, como así o teñen expresado tanto en público como en privado. En menos dun ano de mandato o Presidente mantivo encontros institucionais con todos e cada un dos rexedores, con independencia da súa adscrición política, incluídos aqueles que accederon ao cargo logo das eleccións municipais de 2023 (como os de Caldas de Reis, Silleda e A Estrada). Adicionalmente, todos eles son informados presencialmente e/ou por escrito das transferencias de fondos, proxectos e calquera outra cuestión de relevancia que afecta ao seu municipio; as súas demandas teñen reflexo no deseño de plans e medidas adoptadas polo goberno, e participan e reciben invitación dos actos organizados pola institución directamente relacionados co exercicio das súas competencias.

Todo isto contrasta radicalmente co experimentado no anterior mandato, cando os alcaldes e alcaidesas non eran recibidos e mesmo se paralizaron proxectos xa adxudicados ou mesmo en fase inicial de obra, como nos casos dos proxectos de mellora nos treitos de estrada Baión-András (EP-9701, Vilanova de Arousa) ou Mané-Rebón (EP-0503, Moraña).

No caso particular de Rodeiro, o seu rexedor é un dos alcaldes cos que o Presidente mantivo non un, senón dous encontros institucionais (o último deles o 24/12/2024), polo que é un dos concellos que mellor reflexa a única deriva que se pode contrastar e atribuír ao actual goberno provincial: a da lealdade institucional, no marco do municipalismo.

Asinado dixitalmente.

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 28/03/2025 09:25



Pregunta efectuada pola voceira do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 28 de febreiro de 2025:

PREGUNTA:

Se pode o Sr. Presidente explicar que ocorreu nunha oposición desta Deputación o pasado luns despois de que se procedese a anular de oficio nove preguntas dun total de 40, como veñen de denunciar os sindicatos.

RESPOSTA:

Aconteceu simplemente un erro humano do tribunal, que inseriu por equivocación 8 preguntas do segundo exercicio (informática) no primeiro exercicio.

Conforme ao previsto nas bases reguladoras da convocatoria, introducíronse na proba 4 preguntas de reserva, circunstancia habitual neste tipo de procesos. Daquela, a corrección realizouse considerando 36 preguntas válidas.

Polo tanto, en todo momento garantiuse a igualdade de oportunidades para os aspirantes. Os sindicatos, así mesmo, foron informados do acontecido.

A Deputación garante a máis absoluta transparencia e igualdade en todos os procesos selectivos, a diferenza dos casos que implicaron no pasado a anterior ao entorno directo da anterior presidenta da Deputación.

Asinado dixitalmente.



Pregunta efectuada pola voceira do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 28 de febreiro de 2025:

PREGUNTA:

3

Se nos pode informar de cal foron a cuestión pola a cal o Presidente pois resolveu este informe de reparo interposto pola Intervención provincial sen solventar as discrepancias co Interventor.

RESPOSTA:

O reparo do Interventor figura nun expediente de axuda sanitaria a unha empregada da Deputación de Pontevedra e levantouse mediante resolución presidencial RP2024009129 de 28 de novembro de 2024.

A dita resolución consta no expediente ao que vostede solicitou acceso e que lle foi concedido o 19 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente.

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/03/2025 09:25

